

Xaneiro 2018

A Xunta avanza as prazas da oferta de emprego no ensino público sen negociación previa

Se en outubro o conselleiro de Educación pechou toda posibilidade de negociación ao anunciar as especialidades nas que se convocarían oposicións, agora Feijóo zanxa a cuestión fixando o número de prazas a convocar.

Negociar. Un verbo practicamente imposible de conxugar para quen entende a administración pública como unha finca particular. Coa soberbia e a altivez á que nos teñen acostumbrados, os responsábeis da Xunta presentaron hoxe, após o Consello da Xunta, as cifras globais por corpos docentes das prazas que están dispostos a convocar nas oposicións deste ano.

As especialidades nas que se dividirán estas prazas son as mesmas xa anunciadas no mes de outubro:

• Mestres. 574

Educación Infantil, Inglés, Francés, Educación Física, Música, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Educación Primaria.

• Profesorado de Secundaria. 1050

Lingua castelá e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Orientación Educativa, Tecnoloxía, Lingua galega e Literatura, Intervención sociocomunitaria, Organización e xestión comercial, Organización e proxectos de sistemas enerxéticos, Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos,



| | |
|---|-------|
| Profesores de ensino secundario | 1.050 |
| Profesores técnicos de FP | 160 |
| Profesores de escolas oficiais de idiomas | 30 |
| Mestres | 574 |
| Catedráticos de música e artes escénicas | 105 |
| Total | 1.919 |

Procesos Sanitarios e Sistemas de restauración. electrotécnicos e automáticos.

• Profesorado Técnico de Formación Profesional. 160

Estética, Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos, Operacións de produción agraria, Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico, Procedementos sanitarios e asistenciais, Procesos comerciais e Servizos de

• Catedráticos/as de música e artes escénicas. 105

• Profesorado de EOI.

Prazas para facilitar o paso de funcionarios de secundaria ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas. (Non se mencionou a especialidade; en outubro falouse exclusivamente de Inglés).



As cifras que proporciona a Xunta, á espera da concreción dos números por especialidades, non parten dun estudo previo compartido coas organizacións sindicais, nin tan sequera con aquelas que lle deron o seu aval hai poucos meses asinando un esperpéntico acordo tanto no Estado como en Galiza e ás que agora desprezan novamente. Un desprezo que é extensíbel a todo o profesorado, que ve de novo como se prescinde dun contraste previo coa súa representación sindical á hora de tomar decisións que poden ter unha importante incidencia no profesorado interino. Dado que os gobernos do PP non quixeron chegar a un

verdadero acordo de estabilidade, este colectivo pode ser vítima novamente do esquecemento de quen pensa só friamente nas cifras do profesorado e non naquelas persoas que veñen traballando no ensino público durante anos e ven perigar agora o seu posto de traballo.

A CIG-Ensino apela de novo á responsabilidade das organizacións sindicais que arrouparon estas OPE para que dean un paso adiante e denunciem o Acordo asinado, desvinculándose del e esixindo, como fixo a CIG na Mesa do MECD e no Consello Escolar do Estado,

un pacto de estabilidade para o persoal interino, especialmente para quen leva xa un longa traxectoria de servizos prestados e para aquelas persoas maiores de 55 anos. Á vez deberían esixir a eliminación da taxa de reposición, para que desde Galiza se poidan ordenar as OPE dos próximos anos tendo en conta as necesidades do sistema educativo galego e non os prazos e os intereses do PP en Madrid.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal